

# PROCEDIMIENTO ORDINARIO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO

## INSTRUCCIÓN

- **Prazo de presentación de solicitudes de admisión:** do 1 ao 20 de marzo de 2018, ambos incluídos.
- Cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar, **a infracción desta norma determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.**
- O alumnado que ten garantía de permanencia neste centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao IES Fernando Wirtz.
- O alumnado que ten reservada praza nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicar a renuncia á reserva antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.
- Prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios alegados para o baremo: finalizará o día 9 de abril.
- As listaxes provisionais faranse públicas o 24 de abril.
- O prazo de reclamación as listaxes provisionais finaliza o 1 de maio.
- As listaxes definitivas faranse públicas o 14 de maio.
- Contra a relación definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da xefatura territorial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.
- **PRAZOS DE MATRÍCULA**  
ORDINARIO: do 25 de xuño ao 10 de xullo.  
EXTRAORDINARIO: do 1 ao 10 de setembro
- **DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR** cando o interesado se oponga á consulta automática:
  - a) DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar.
  - b) Domicilio fiscal.
  - c) Renda anual per cápita da unidade familiar.
  - d) Condición de familia numerosa.
  - e) Discapacidade do alumnado, do/da proxenitor/a, do/da titor/a ou dos/das irmáns/ás recoñecida pola Xunta de Galicia.

No caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos pola Administración ou polo centro docente, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos

  - a) Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, cando denegue a súa consulta.
  - b) Documento acreditativo do requisito de idade do/da alumno/a.
  - c) Documento acreditativo de estar en disposición de reunir os requisitos académicos exixidos en cada nivel educativo ou etapa nos termos do anexo II.
  - d) Convenio regulador ou resolución xudicial de separación xudicial ou divorcio, se é o caso».
- Centros que ten adscritos  
O centro adscrito ao IES Fernando Wirtz é o CEIP Concepción Arenal
- Área de influencia do centro: Consultar MAPA